

NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS LIBRES DA ESO. MAIO 2018

CHAMAMENTO E REALIZACIÓN DAS PROBAS

- O venres 25 de Maio, ás 8.30 iniciarase o chamamento dos/as alumnos/as matriculados/as para o acceso nas aulas onde se realizarán as probas.
- A identificación farase mediante DNI ou documento identificativo: pasaporte, permiso de residencia, carné de conducir. Non se permitirá o acceso ás persoas que non estean correctamente identificadas.
- Para realizar as probas o alumnado deberá levar consigo.
 - o **D.N.I. ou documento identificativo: pasaporte, permiso de residencia, carné de conducir.**
 - o **Bolígrafo ou pluma de tinta azul e/ou negra imborrable.**
 - o **Calculadora non programable para o ámbito científico tecnolóxico.**
 - o **Post-it co número de identificación da lista.**
- No momento da entrada na aula, o tribunal asignaralle un posto de exame a cada alumno/a que debe ocupar en todas as probas.
- Non deberán levar bolsos/as ou mochilas, de ser así deixaranas nun lugar da aula asignado para iso.
- O alumnado realizará as probas desprovisto de viseiras, gorros ou calquera outro elemento que interfira na súa identificación.
- Todo o alumnado deberá manter os **pavillóns auditivos despexados** para a verificación de que non se usan dispositivos auditivos non permitidos.
- Non se permitirá o acceso á aula unha vez se cumpran os 10 primeiros minutos do inicio do exame.
- Os alumnos/as non poderán abandonar as aulas ate 20 minutos despois de empezar os exames.
- Os aspirantes, unha vez resolta cada proba, que será de respostas pechadas, trasladarán as opcións elixidas a unha folla de respostas. Entregarán esta xunto co exame a un membro do tribunal. Tanto a folla de respostas como o exame deberá levar na parte superior dereita o número identificativo da/o alumna/o.
- Ao finalizar as probas non se entregarán exames sobrantes a ninguén xa que estes estarán accesibles na web da Consellería.

MATERIAL NON PERMITIDO

- **Teléfonos móbiles, smartwatch ou calquera outro dispositivo electrónico.** Non deben de asistir aos exames con **teléfonos móbiles ou dispositivo electrónico algún (excepto calculadora non programable para o ámbito científico tecnolóxico)**, de ser así, os móbiles deberán estar apagados, e está totalmente prohibido o seu uso durante a realización das probas e no interior da aula. O uso destes aparellos ou o son dun móbil acendido implica a expulsión do exame e a cualificación do mesmo con **0 puntos**.
- No caso dos **reloxos intelixentes,** tampouco poderán ser utilizados nin como reloxos convencionais.
- Se ao alumno/a se lle sorprende copiando e/ou utilizando medios telemáticos ou dispositivos electrónicos nalgún dos exames, se lle sancionará coa expulsión do mesmo e nese exame poráselle unha cualificación de **0 puntos**.